

OV ORQUESTRA
430/ VIGÓ
430

CICLO DE OUTONO 2021



Contos de fadas

13 NOVEMBRO

Auditorio do CSMVigo 20:00H

Sindy Mohamed (Viola)
Ensemble Vigo 430

PROGRAMA DE MAN

Contos de fadas

NOTAS AO PROGRAMA

Temos por diante, reunidas neste programa de concerto, tres obras mestras co denominador común de ser produto da madurez compositiva de, á súa vez, tres grandes xenios: Brahms, Schumann e Mozart, nos últimos anos das súas prolíficas vidas.

Brahms escribiu a súa sonata op. 120 nº 1 durante o verán de 1894, sendo unha das súas últimas obras de música de cámara compos-

tas. De gran perfección formal, o traballo temático está plasmado con tanta naturalidade que, como observou Claude Rostand «só o contido poético parece contar nelas para Brahms, parecendo escritas para el mesmo, como as follas dun diario íntimo». Despois de ser presentada en Francfort a unha persoa tan influente na vida de Brahms como foi Clara Schumann, a sonata tivo a súa primeira audición pública en Viena os días 8 e 11 de xaneiro de 1885 e posteriormente noutras cidades como Leipzig, sendo aclamada por público e crítica.

O universo máxico das vellas lendas alemás inspira a obra que dá tamén nome a este programa do Ensemble Vigo 430: Märchenerzählungen, que pode traducirse como «relatos sobre contos de fadas». Schumann emprega para iso a máxica sonoridade resultante de combinar os timbres do clarinete, violáa e o piano, que xa Mozart empregara con éxito no seu soado trío «da boleira». Composto en outubro de 1853, foi interpretado por primeira vez en privado por Clara Schumann como pianista, o violista Ruppert Becker e o clarinetista Johann Kochner, sendo presentado en público pouco despois por Joseph Joachim. O primeiro movemento do trío está marcado como Animado, non demasiado rápido, alterna música de marcha e seccións oníricas. O segundo movemento, marcado como Ritmos vivos e for-

temente acentuados, constitúe unha sección lírica con música de marcha de marcado carácter rústico. O terceiro movemento, Tempo repousado, con tenra expresividade é un auténtico duetto amoroso a cargo do clarinete e viólaa, cun deseño constante de acompañamento no piano. O cuarto e último movemento está marcado como o segundo. Ten outro dúo no seu centro, e cita ao final un tema do primeiro movemento.

Mozart terminou o quinteto K.516 en maio de 1787, destinándoo a unha formación de cuarteto de corda cunha viola extra. Utilizou para iso unha tonalidade cargada de significación trágica para el, como é a de sol menor; aínda que -como quen quere ser optimista ao seu pesar- disfrazada pola equívoca alegría da súa Finale. De forma pouco habitual, precedeu este alegre final dun patético Adagio, de forma que se suceden dous movementos lentos, outorgando o carácter predominantemente escuro, trágico e mesmo en ocasións violento do quinteto, que se disipa con elegancia e equilibrio galante no último movemento. Xunto co quinteto anterior, o K.515 en do maior, está amplamente considerado como a mellor música de cámara escrita por Mozart.

PROGRAMA



Sonata op. 120 n° 1 en fa menor para viola e piano

Johannes BRAHMS

(Hamburgo 1833 - Viena 1897)

1. Allegro appassionato
2. Andante un poco adagio
3. Allegretto grazioso
4. Vivace





Märchenerzählungen
(Contos de fadas) op. 132,
para clarinete, viola e piano

Robert SCHUMANN
(Zwickau 1810 – Bonn 1856)

1. Lebhaft, nicht zu schnell
2. Lebhaft und sehr markirt
3. Ruhiges Tempo, mit zartem Ausdruck
4. Lebhaft, sehr markirt





Quinteto para cordas en sol menor K.516

Wolfgang Amadeus MOZART

(Salzburgo 1756 - Viena 1791)

1. Allegro

2. Minuetto (Allegretto)


3. Adagio ma non troppo

4. Adagio - Allegro



Sindy Mohamed

Viola



Nacida en Marsella en 1992, a violista exipcia Sindy Mohamed recibiu as súas primeiras clases

de viola aos 8 anos. Despois de graduarse no Conservatorio de Marsella, Sindy continuou os seus estudos no Conservatorio Nacional Superior de Música de París e na Hochschule für Musik Hanns Eisler, ademáis da prestixiosa Academia Kronberg coa célebre violista Tabea Zimmermann.

Gañadora do premio do Concurso Internacional de Viola Anton Rubinstein 2017 e da Otilie-Selbach-Redslob-Foundation, Sindy fixo o seu debut en Inglaterra xunto a Lars Vogt e a Royal Northern Sinfonia como parte do Festival New year new artists. Participou no Festival de Aix-en-Provence, actuando xunto a Tabea Zimmermann. Por invitación de Rolando Villazon, Sindy participou no programa Stars von Morgen emitido en el canal Arte TV. Participou no Chamber Music Connects the World da Academia Kronberg actuando con Steven Isserlis, Christian Tetzlaff e Gidon Kremer.

Sindy aparece esta temporada como solista e músico de cámara en grandes festivais de Europa como Moritzburg Festival, Spannungen Heimbach, Schubertiade Hohenems, Kronberg Festival, Festspiele Mecklenburg-Vorpommern, Festival Présences, Festival d'Aix-en-Provence ou Folles Journées de Nantes; colaborando con artistas como Isabelle Faust, Tabea Zimmermann, Lawrence Power, Steven Isserlis, Jan Vogler, Maximilian

Hornung, Kian Soltani, Yura Lee, Anais Gaudemard, Joséphine Olech ou Adrien La Marca entre moitos outros. Tamén destacables son as súas actuacións como solista co Ensemble Multilatérale de París, a Orquestra Sinfónica do Cairo e a Orquestra Vigo 430 en España. As xiras de concertos por todo o mundo inclúen recitais debuts no Wigmore Hall, o Carnegie Hall e o Suntory Hall.

Sindy é invitada habitual a numerosas clases maxistras e festivais internacionais como o Festival Quatuors à Bordeaux, Festival d'Aix-en-Provence, Festival de verán de Salzburgo, a Academia internacional Seiji Ozawa ou a Academia Europea de Música de Cámara. Alí traballou con Daniel Barenboim, Antoine Tamestit, Roberto Diaz, Morten Carlsen, Nobuko Imai, Jean Sulem, Sadao Harada, Pamela Frank e Tatjana Masurenko.

Xunto aos seus estudos e carreira, Sindy adquiriu unha gran experiencia orquestral, intervindo en postos de liderado de orquestras como a Rundfunk Sinfonie Orchester Berlin, ou a Deutsche Oper e Komische Oper Berlin. Tivo a oportunidade de actuar con directores como Sir Simon Rattle, Marek Janowski, Vladimir Jurovski, Paavo Järvi, Francois Xaver Roth, Seiji Ozawa ou Donald Runnicles. Ademais, é membro da "West-Eastern Divan Orchestra" desde 2013 baixo a dirección do mestre Daniel Barenboim.

Sindy toca unha viola de Jean-Baptiste Vuillaume cedida xenerosamente pola Beares International Violin Society.

INTÉRPRETES

Ensemble Vigo 430

Clarinete

Virginia Lis

Piano

Severino Ortiz

Violín

Mario Périz

Violín II

Laura Puga

Viola

Javier Escobar

Violoncello

Isabel Figueroa

EQUIPO DA ORQUESTRA



Director-xerente

Javier Escobar

Administración e xestión

María Alonso

Patrocinan:



VIGO
MUSICA
.COM



Anxo Cabreira Luthier

Co soporte de:

Universidade de Vigo

MARCO
MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

Colaboran:

CSMV
CONSERVATORIO SUPERIOR
DE MÚSICA DE VIGO

